

# PLAN ESTRA TÉGICO

201921



meniños

# MISIÓN

Fundación Meniños é unha organización que traballa polos dereitos da infancia e da adolescencia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar un ambiente familiar de seguridade e afecto.

# VISIÓN

Fundación Meniños ofrece servizos de intervención familiar de calidade contrastada para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e promove o seu dereito a medrar nun contorno familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral; intervindo, investigando, difundindo coñecemento, innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura do bo trato á infancia e á adolescencia.

Somos unha entidade de acción social sen ánimo de lucro, especializada no ámbito da infancia e da adolescencia cun traballo orientado a garantir o dereito a vivir en familia.

Desenvolvemos este labor directamente a través de programas especializados de intervención familiar de carácter psico-socio-educativo e terapéutico, e programas de prevención e educación, e indirectamente a través da investigación e a innovación

na atención ás necesidades emerxentes na infancia e na adolescencia en dificultade social e a difusión de coñecemento, aproveitando ao máximo as sinerxías entre os diferentes axentes dos sistemas de protección, de educación e de saúde, en torno á persoa.

Actuamos cun enfoque positivo e valorativo das persoas, establecendo unha relación de axuda xenuína, respectuosa e colaboradora que as axude a volver crer nas súas competencias e habilidades, conectando aos pais e nais cos seus propios procesos de crianza para comprender e conectar cos fillos e fillas e vinculando as familias coas súas comunidades, tecendo redes formais e informais de apoio entre as persoas.

En Meniños esforzámonos cada día por amosar que os nenos e as nenas non son un asunto privado, as súas necesidades e dereitos compétenos a toda a sociedade, pois a infancia é un período transcendental da vida que condiciona as posibilidades de desenvolvemento pleno do ser humano. Dispor dun fogar que proporcione seguridade emocional e física é a necesidade máis básica para un desenvolvemento sano e positivo.

A través do noso traballo, aspiramos a converternos nunha organización de referencia no campo da intervención familiar, contribuíndo á transformación social: nenos e nenas protexidas, construíndo o seu presente e garantés do seu futuro, familias sas, protectoras, produtivas e partícipes da sociedade na que viven e sociedades fortes, cohesionadas, solidarias, motores de cambio e crecemento sostible.

# VALORES

## **Compromiso cos Dereitos da Infancia**

O compromiso coa defensa dos dereitos de nenos e nenas, no marco da Convención de Dereitos do Neno (CDN), co obxectivo de incidir socialmente na procura de melloras perdurables para a infancia e a adolescencia.

## **O superior interese do e da menor**

O superior interese da infancia e da adolescencia e as súas necesidades, potenciando o seu protagonismo e participación como suxeito activo de dereitos.

## **A familia como referente estable**

A familia como referencia estable e plural de seguridade e afecto, con prioridade do apoio á integración nas familias de orixe e, cando isto non sexa posible, propiciando acollementos familiares ou adopcións.

## **Educación e capacidade de cambio**

A educación e a atención integral, baseada na confianza nas potencialidades familiares e na capacidade de cambio e desenvolvemento.

## **Calidade e mellora continua**

A especialización e a profesionalidade en todas as nosas actuacións, orientadas á satisfacción das necesidades e expectativas das persoas e entidades coas que a Fundación desenvolve o seu labor.

## **Innovación e creatividade**

A innovación e a creatividade, con atención permanente aos cambios sociais, ás necesidades emerxentes e á oferta de solucións de futuro sostibles.

## **Coidado ás persoas**

Promoción da empatía, o respecto e o bo clima en todas as relacións da Fundación.

### **Transparencia e independencia**

Traballamos cunha política de transparencia informativa e rendición de contas, garantindo que os nosos obxectivos e actividades se efectúen de forma responsable, eficiente, sostible e con independencia.

### **Compromiso social**


Compromiso social, que propicia a co-responsabilidade social, o traballo en rede e a participación activa no coñecemento e na defensa da infancia e da adolescencia na promoción dunha cultura do bo trato.

### **Compromiso coa igualdade e co enfoque de xénero**

Aplicación do enfoque de xénero en todas as nosas actuacións contribuíndo a impulsar a igualdade de dereitos e de oportunidades.

# LIÑAS ESTRATÉ XICAS

## INTERVENCIÓN FAMILIAR



A nosa actividade principal é a intervención familiar con nenos, nenas e adolescentes e as súas familias, situando como prioridade o interese superior da persoa menor de idade, buscando responder á necesidade máis básica e fundamental para un desenvolvemento san, especialmente na primeira infancia, de dispor dun fogar que garanta a seguridade emocional e física.

Actuamos desde unha perspectiva ecosistémica, ao entender ás familias dentro do contexto comunitario e sociocultural do que forman parte, cun traballo que se centra nos recursos e nas posibilidades das persoas, que as axude a recuperarse e proxectarse de forma positiva no futuro, fomentando a súa autonomía e responsabilización, dentro dun marco integrador e xerador de sinerxías conectado coa rede de apoio natural e formal das familias.

Neste novo período de planificación estratéxica, identificamos as liñas de actuación indispensables para levar adiante a nosa misión e os obxectivos que queremos lograr en cada unha delas, mantendo o traballo nas áreas de actuación consolidadas, á vez que abrimos novos horizontes de intervención en consonancia coas necesidades sociais identificadas.

## OBXECTIVOS

- 1** Continuar co desenvolvemento dos proxectos consolidados de intervención familiar en situacións de risco de desprotección e desprotección efectiva, enriquecéndoos con novas aportacións de coñecemento que permitan incrementar a calidade das nosas actuacións e por tanto a súa eficacia e eficiencia:
  - Preservación familiar.
  - Reunificación familiar.
  - Funcionalidad familiar.
  - Atención familiar.
  - Apoio ao acollemento.
  - Apoio á adopción.
  - Puntos de encontro familiar.
  - Atención terapéutica a nenos e nenas vítimas de violencia de xénero.
  
- 2** Consolidar os novos proxectos iniciados dirixidos ás necesidades emerxentes na infancia e na adolescencia en dificultade social:
  - Intervención en violencia e abuso sexual.
  - Atención perinatal para mulleres en dificultade social.
  - Intervención socioeducativa con nenos e nenas e familias en situación de risco ou exclusión social: Programa Caixa Proinfancia.
  - Desenvolvemento dun programa de Intervención en violencia filio-parental, ligado á mellora continua nas nosas iniciativas en investigación e intervención en adolescencia: Conecta: intervención con adolescentes e familias en conflito.
  
- 3** Explorar a extensión territorial dalgúns dos programas actuais en función das necesidades detectadas na poboación e das estratexias e plans de actuación das administracións públicas dos territorios nos que estamos actuando, coa procura de sinerxías que optimicen a aplicación dos programas:
  - Necesidades e prioridades de actuación na Administración Asturiana e no Concello de Oviedo.
  - Posibilidade de extensión do programa de atención familiar actualmente implantado en Pontevedra a outros concellos galegos.
  
- 4** Investigación de novas necesidades para propor novas liñas de actuación.

# SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL PROPOSITIVA



Implicados na construción dunha sociedade comprometida coas necesidades e dereitos da infancia e das súas familias, unha liña de actuación fundamental debe pivotar no labor de incidencia social, influíndo nas políticas públicas dirixidas á defensa e á promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia en situación de dificultade social.

Ademais, debemos de favorecer a implicación da sociedade civil na construción dunha sociedade ben tratante para a infancia e a adolescencia, a través do desenvolvemento de accións preventivas, educativas e divulgativas.

## OBXECTIVOS

- 1** Intensificar o labor de incidencia social propositiva a través do traballo en rede con organizacións públicas e privadas afíns á Fundación, que permitan a transformación social, buscando a transversalidade territorial entre os nosos territorios de actuación e territorios afíns: Galicia, Asturias e Portugal.
- 2** Potenciar a dimensión de sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia nos contidos da comunicación externa.
- 3** Estender os programas educativos e preventivos tanto na dimensión territorial como na ampliación do rango de idade ao que nos diriximos, desenvolvendo propostas para o período adolescente.
- 4** Desenvolver a vertente tecnolóxica dos proxectos educativos e preventivos, apoiándonos en ferramentas dixitais que permitan un maior impacto e unha maior aproximación dos públicos interesados (profesorado, pais, nais e persoas sensibilizadas co coidado da infancia e da adolescencia).
- 5** Consolidar unha liña de formación para profesionais da intervención social e para as persoas con responsabilidades de crianza.



# ESTABLECEMENTO DE ALIANZAS

A nosa concepción da acción social como unha acción transformadora, que persegue a mellora da calidade de vida da infancia e da adolescencia e das súas familias, impúlsanos claramente a continuar promovendo os vínculos entre as institucións e as organizacións que permitan que o terceiro sector gañe forza e dimensión. Así, nos próximos 3 anos, propómonos:



## OBXECTIVOS

- 1** Manter e desenvolver as alianzas existentes cunha participación activa: POI galega e estatal, EAPN Galicia, Igaxes.
- 2** Consolidar e concretar as relacións institucionais con Portugal, sobre todo no ámbito da incidencia social, a investigación e a formación.
- 3** Manter a relación con institucións académicas ligadas ás actividades de investigación e formación no campo de actuación da Fundación.
- 4** Promover novas alianzas con outros actores sociais: entidades educativas, sociais, empresariais etc., afíns á nosa misión, visión e valores, contribuíndo á construción dunha sociedade comprometida cos dereitos da infancia e da adolescencia.

# COÑECEMENTO, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN




Xerar coñecemento, avaliar programas e incorporar melloras que permitan reforzar a nosa misión, completala e consolidala, coa guía e o control científico de persoal experto universitario.

## OBXECTIVOS

- 1** Manter e consolidar proxectos de investigación e perfeccionamento de programas existentes, co que se obteñen acreditacións e validacións científicas que suporán melloras nos programas existentes.
- 2** Incorporar novas prácticas de intervención innovadoras nos nosos programas.
- 3** Vincular todos os proxectos coa investigación, a xeración e a transferencia de coñecemento.
- 4** Diseñar novos proxectos de intervención familiar para necesidades emerxentes.
- 5** Exploración das posibilidades de participación en programas europeos.

# COMUNICACIÓN INTERNA

Nunha organización de acción social, a comunicación interna debe favorecer a interrelación das persoas que a integran; por tanto, unha das nosas prioridades é impulsar unha estratexia de comunicación interna que favoreza e fortaleza a vinculación coa organización e o sentimento de pertenza.




## OBXECTIVOS

- 1 Poñer en funcionamento un protocolo de comunicación interna que favoreza e incremente a interrelación entre todas as áreas de traballo da Fundación.
- 2 Orientar a comunicación interna cara á construción dunha cultura organizativa proclive á colaboración e á aliñación cos obxectivos da organización.

# COMUNICACIÓN EXTERNA

Aspiramos a converternos nunha organización de referencia no noso sector, o que require o acompañamento das nosas actuacións dunha estratexia de comunicación externa que contribúa decisivamente a este obxectivo.



## OBXECTIVOS

- 1 Mellorar o posicionamento da comunicación externa da entidade, xerando e publicando contidos de interese, e dándolle resposta a temáticas de interese xeral no noso campo de actividade.
- 2 Desenvolver a vertente divulgativa de todos os contidos técnicos para a promoción dunha cultura do bo trato e a defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia.
- 3 Utilizar todas as ferramentas tecnolóxicas que permitan maior implicación e participación de todos os grupos de interese.
- 4 Implicar a todo o equipo humano da Fundación como axentes fundamentais na xeración de contidos de comunicación para a sensibilización social.

# EQUIPO HUMANO




Incorporar e promover o talento e o compromiso coa misión da Fundación, creando un contexto favorable para o traballo que suscite motivación e vinculación.

## OBXECTIVOS

- 1** Desenvolver un sistema de avaliación por competencias para a selección, a formación e a xestión de talento na Fundación e o recoñecemento ás persoas.
- 2** Promover o desenvolvemento profesional centrado na mellora das competencias e a asunción de responsabilidades, conforme ás necesidades da Fundación.
- 3** Manter un marco laboral acorde á misión, a visión, os valores e os obxectivos da Fundación e ao contorno no que se desenvolve a súa actividade.
- 4** Manter e reforzar a política de formación do equipo humano.
- 5** Impulsar un plan de voluntariado integrado en cada equipo de traballo da Fundación, permanentemente actualizado e coherente coas necesidades actuais.

# RECURSOS E FERRAMENTAS ORGANIZATIVAS


Neste novo período, considérase esencial reforzar o equipo directivo en consonancia coa expansión de proxectos e programas da organización para unha xestión óptima de todos os procesos e actuacións da Fundación.



## OBXECTIVOS

- 1** Incorporar máis recursos para a planificación, coordinación e a xestión de equipos e programas.
- 2** Potenciar e axustar o labor de coordinación das persoas responsables de coordinación.
- 3** Consolidar a política de mercadotecnia corporativa iniciada en 2018.
- 4** Ampliar a obtención de ingresos non finalistas a través das liñas de traballo tradicionais (persoas socias, doadores e patrocinios), a prestación de servizos privados e a realización de eventos.
- 5** Utilizar instrumentos que permitan un control preciso da calidade e a consecución dos obxectivos en todos os proxectos da Fundación e nun proceso de mellora continua.

# ORGANIGRAMA





IAALP  
ARTS  
EXHIBIT



Sede Central en A Coruña  
Avda. de Cádiz 5, 2º  
Edif. A Milagrosa | 15008  
Tel: 981 269 955 | Fax: 981 256 003  
E-mail: [meninos@meninos.org](mailto:meninos@meninos.org)